

**Acta núm. 29/2019.  
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 14 de novembro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 14 de novembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 28/2019, DO 06.11.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) SOLICITUDE DE RENUNCIA DE LICENZA OBRA MAIOR.
- 6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE VADO PERMANENTE.

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 28/2019, DO 06.11.2019.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 06.11.2019, acta núm. 28/2019.

**2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFREDO SÁNCHEZ VILAS, na que comunica que vai realizar obras consistentes na reparación de aproximadamente 140 m<sup>2</sup> de pavimento situado no interior da parcela sita en Chave de Carballo nº1.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,57 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GENEROSA FREIRE NEO, na que comunica que vai reparar un hórreo de aproximadamente 20 m<sup>2</sup>, que non está incluído dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, substituíndo o revestimento no mesmo material (madeira) e cor e reparando o tellado colocando tella nova, sen modificar a estrutura nin o volume actual.

A parcela (1441303NH2414S0001TQ) onde se empra o elemento, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1) e dentro da aldea de Vioxo de Abaixo, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como LE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 62,40 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 126,97 euros.

### **3º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por ANDRÉS SEÑORÍS MALVÁREZ E PILAR BARGO BOTANA na que se solicita licenza de segregación dunha parcela no lugar de Vilanova – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao (expte.visado núm.701/19).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 15013B505007020000MY e 7641602NH2474S0001QW

Superficie: 1.734,50 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións polo PXOM:

- Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1): 848,50m<sup>2</sup>.
- Solo rústico agropecuario, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección agropecuaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d): 886,00m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: Margarita Señorís Bargo (1289- adicional) e zona excluída.

Leste: zona excluída que, en parte, é a casa e terreo de Eugenio Crismán.

Oeste: Pilar Bargo Botana (702-bis).

**Segregación pretendida:**

**Parcela segregada:**

Superficie bruta: 848,50 m<sup>2</sup>.  
Superficie de cesión: 46,50m<sup>2</sup> (a 4,00 m do eixo do camiño)  
Superficie neta: 802,00 m<sup>2</sup>.  
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: zona excluída.

Leste: zona excluída que, en parte, é a casa e terreo de Eugenio Crismán.

Oeste: resto da finca matriz.

**Resto finca matriz:**

Superficie bruta: 886,00 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: non se establece (solo rústico)

Superficie neta: 886,00 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: Solo rústico agropecuario, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección agropecuaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d): 886,00m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: Margarita Señorís Bargo (1289- adicional) e zona excluída.

Leste: parcela segregada e zona excluída.

Oeste: Pilar Bargo Botana (702-bis).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 46,50 m<sup>2</sup>, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

**4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CELESTINO CARAMÉS GORGAL, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Adoufe nº17, Os Ánxeles, que conta con licenza para a construción concedida pola Xunta de Goberno o 05.12.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto José Mario López Freire con data 20.09.2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 418,53 euros.

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 483,10 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por José Luis Costal Adán, que di actuar en representación de KAREKENA S.L., na que solicita licenza de primeira ocupación para 20 vivendas situadas no lugar de Babenzo – Bastavales, que conta con licenza para a construción concedida pola Xunta de Goberno Local o 16.02.2007.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Túñez o 30.11.2010, e a documentación complementaria presentada, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 1.226,86 euros.

Total: 1.226,86 euros.

### **5º) SOLICITUDE DE RENUNCIA DE LICENZA OBRA MAIOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ricardo José Pérez Gómez, que di actuar en representación de LA PEREGRINA AMES S.L. no que expón que a Xunta de Goberno Local do Concello con data 29.11.2008 concedeulle licenza para a construción de seis vivendas unifamiliares pareadas no lugar de Gronzo 39-44, Brión, e que a día de hoxe non ten intención de facer as dúas vivendas que se ían construír sobres as parcelas 347-5 e 347-6, polo que renuncia á licenza concedida para a construción desas dúas vivendas.

Vistos os informes favorables da arquitecta e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento da renuncia presentada polo interesado da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 29.11.2008 para as dúas vivendas unifamiliares pareadas que se ían construír sobres as parcelas 347-5 e 347-6.

### **6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE VADO PERMANENTE.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por DOMINGO CES ARES, na que solicita cambio de titularidade do vado permanente sito na Avda. Sta. Minia 104, onde figura como titular Jose Luis Antuña Álvarez, con número de licenza 2002/01, por motivo da compra da vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento do cambio de titularidade do vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González